

4.2.-REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 28 DE DECEMBRO DE 2000.

PUBLICADO NO BOP DE A CORUÑA DO 26 DE ABRIL DE 2001.

CAPÍTULO I .- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-

O Consello Municipal de Servizos Sociais é un órgano de participación sectorial, creado de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais e no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago.

Artigo 2.-

O Consello ten por obxecto servir de órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais en tódalas cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar a maior calidade de vida para o conxunto dos cidadáns.

Dende o Consello fomentarase o fortalecemento da sociedade civil compostelá e, o seu movemento asociativo en tódalas súas manifestacións sociais, consolidando a relación entre o Concello e os movementos sociais.

Artigo 3.-

Consente co seu obxecto correspóndelle entroutros a satisfacción dos seguintes fins:

Fomenta-la participación da sociedade e das administracións públicas na xestión dos servizos sociais.

Potencia-la coordinación entre as institucións e entidades que actúan no eido dos servizos sociais.

Promover e presentar estudos e análises das realidades que se consideren de interese no ámbito dos servizos sociais no noso municipio.

Promover iniciativas e actuacións derivadas dos estudos e análise das situacións formuladas, e calquera outra acción que se derive da propia dinámica social.

Informar, e difundir as cuestións relativas á calidade de vida da cidade.

O traslado das propostas debatidas no seo deste Consello ás diversas concellerías, á Corporación, ós consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións neste ámbito, co gallo de garantir a coordinación das actuacións que se deriven das mesmas.

Así mesmo a Corporación municipal deberá solicitar informe ó consello de servizos sociais nos temas que considere pertinentes da materia tratada.

Artigo 4.-

Definidas as áreas de actuación pola propia Lei 4/93, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, en función dos sectores de poboación e das problemáticas que se aborden, a actuación do Consello Municipal de Servizos Sociais céntrase en:

COMUNIDADE

FAMILIA, INFANCIA E XUVENTUDE

MINUSVALÍAS

MAIORES

DROGODEPENDENCIAS, ALCOHOLISMO e outras adicións.

MINORÍAS ÉTNICAS

Outras problemáticas de MARXINACIÓN SOCIAL.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 5.-

Dada as súas funcións e campos ou áreas de actuación, o Consello poderá funcionar en pleno, comisión intersectorial de traballo e grupos de traballo.

Artigo 6.-

Integran o Pleno do Consello Local de Servizos Sociais:

O presidente/a

O vicepresidente /a

Os/as vocais.

O secretario/a

Artigo 7.-

A presidencia do Consello corresponde ó Ilmo. Sr. Alcalde ou concelleiro/a da Corporación en quen delegue, e a vicepresidencia ó corporativo/a que ostente a delegación dos servizos sociais.

Artigo 8.-

Actuará como secretario o secretario xeral da Corporación, quen poderá delegar as súas funcións no persoal municipal do ámbito dos servizos sociais. Asistirá as sesións con voz pero sen voto.

Artigo 9.-

1.-Os vocais do Consello serán designados polas seguintes Asociacións ou Entidades:

a) INSTITUCIÓNS

Representante de cada grupo municipal existente na Corporación.

Representante de cada un dos sindicatos con representación no municipio.

Representante da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia.

Representante da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
Representante da Policía Local.
Representante da Policía Autonómica.
Representante do voluntariado de protección civil.
Representante do voluntariado da Universidade.
Representante da obra social de Caixa Nova.
Representante da obra social de Caixa Galicia.
Representante da Confederación de Empresarios.
Representante da Federación da Asociación de Veciños de Compostela
Representante da Federación da Asociación de Veciños do rural.

b) SECTORES:

1- COMUNIDADE

Representante da Asociación de Viúvas Rosalía de Castro.
Representante da Asociación Voluntariado Social Rogas.
Representante de Cáritas Interparroquial.
Representante de Cruz Vermella.
Representante da Escola de Pais da Umad.
Representante da Asociación Arco da Vella.
Representante do Comité de Solidaridade Cosal Galicia.

2- FAMILIA, INFANCIA E XUVENTUDE

Representante da Casa de Familia Miani.
Representante da Casa de Familia Oblatas de Santiago.
Representante do Centro Hogar Nazaret.
Representante do Centro Xuvenil Don Bosco.
Representante da Fundación Galega para a Infancia "Meniños".

3.- MINUSVALIAS FÍSICAS

Representante da Asociación Compostelana de Diabéticos
Representante da Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple.
Representante da Asociación Espina Bífida.
Representante da Asociación Fase de Encontro.
Representante da Asociación Galega de Lupus.
Representante da Asociación de Minusválidos composteláns.
Representante de Cogami (Cermi).
Representante da federación de Minusválidos Físicos da Coruña.

SENSORIALES

Representante da Fundación ONCE (Cermi).
Representante da Sociedade Comarcal de Xordos (Cermi).

PSÍQUICAS

Representante da Federación de Asociacións de Persoas con Minusvalía Psíquica (Cermi).
Representante da Asociación Agadea.
Representante da Asociación de ASPAS.

Representante da Asociación Autistas-Aspanaes.
Representante da Asociación Fonte da Virxe.
Representante da Asociación Síndrome de Down Compostela.
Representante de Fademga.
Representante de Afexdi.

4- MAIORES

Representante da Asociación das Avoas de Pontepedriña.
Representante da Asociación de Pensionistas e Xubilados de Santiago.
Representante das Aulas da Terceira idade.
Representante do Clube de Xubilados As Rodas.
Representante do Clube de Xubilados Caixa Galicia.
Representante das Hermanitas dos Ancianos Desamparadas.

5- DROGODEPENDENCIAS, ALCOHOLISMO e outras adicións

Representante da Asociación Aisa.
Representante da Asociación Reto.
Representante do Comité Cidadán Galego Anti-Sida.
Representante do Proxecto Home.

6- MINORÍAS ÉTNICAS

Representante da Asociación Chavós.
Representante da Asociación de Estudantes Marroquíes en Galicia.
Representante da Asociación Líbano.
Representante da Asociación SOS Racismo Galicia.

7- Outras problemáticas de MARXINACIÓN SOCIAL

Representante da Asociación San Vicente de Paúl.
Representante do Centro Cultural Xoan XXIII.
Representante da Cociña Económica.

2.-A proposta de 3/5 do Pleno do Consello ou da Presidencia os membros do Consello poderanse ampliar puntualmente coa representación doutras entidades e persoas cualificadas na materia a tratar.

3.-A presidencia, en función dos temas a tratar, poderá convocar a outros rexidores do ámbito dos servizos sociais, as responsables de entidades ou profesionais de recoñecido prestixio, en calidade de asesores, para participar nas sesións plenarias do consello, tendo no mesmo voz pero sen voto.

Artigo 10.-

Os/as membros ou vocais do consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen.

A actuación dos/as integrantes do Consello Municipal de Servizos Sociais coincidirá co mandato da corporación municipal sendo renovados ó inicio do novo mandato.

Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou

institucións representadas no Consello deberán ser comunicados por escrito á Concellería de Servizos Sociais e Umad, á maior brevidade posible.

Artigo 11.-

Formarán parte da Comisión Intersectorial de traballo: a Presidencia, a vicepresidencia que actuará, por delegación como presidente/a da comisión intersectorial de traballo, os vocais e o secretario do Consello (ou persoal en quen delegue). Os vocais corresponderá a seguinte distribución: un representante por cada sector de actuación, que serán elixidos democráticamente no seo do Pleno do Consello.

Para a válida elección, os respectivos candidatos deberán obter a maioría dos votos das asociacións e entidades presentes correspondentes ó seu sector.

Artigo 12.-

Dada a diversidade de funcións e campos de actuación do Consello e para acadar unha maior operatividade, constituiránse diferentes grupos de traballo para temas e estudos específicos consonte coas áreas de actuación do mesmo.

Os grupos de traballo estarán integrados por membros /as do consello e /ou persoas propostos por estes/as en calidade de especialistas nos diferentes temas obxecto de estudio.

Os grupos de traballo presentarán os resultados dos estudos e informes á comisión intersectorial de traballo, quen debatirá as propostas que serán informadas oportunamente ó Pleno do Consello.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 13.-

1.-O Pleno do Consello Municipal de Servizos Sociais reunirse unha vez ó ano en sesión ordinaria e, en sesión extraordinaria, sempre que a presidencia o considere necesario ou o solicite a cuarta parte dos/as seus membros/as.

2.-A convocatoria para as sesións ordinarias farase cunha antelación mínima de oito días e irá acompañada da orde do día e, se procede da documentación correspondente. Para a sesión extraordinaria a antelación mínima será de corenta e oito horas.

Artigo 14.-

A Comisión Intersectorial de traballo reunirse cada tres meses, ou cando o solicite a súa presidencia ou a cuarta parte do Consello. A convocatoria farase con tres días de antelación.

Artigo 15.-

1.- O réxime das reunións dos grupos de traballo, dada a súa especificidade, será flexible e axeitado á urxencia de cada tema. Poderanse crear tódolos grupos de traballo que se acorden tanto nas sesións plenarias, como nas intersectoriais.

2.- A coordinación do traballo dos grupos corresponderá á presidencia da comisión intersectorial de traballo, que poderá delegar nalgún/nalgunha membro/a do mesmo que ostente a condición de vocal do Pleno.

Artigo 16.-

Considérase que tanto o pleno como a comisión intersectorial de traballo do consello municipal de servizos sociais quedan válidamente constituídos en sesión, coa asistencia mínima dun tercio dos seus membros, debendo estar presente en todo caso a presidencia ou vicepresidencia.

En todo caso a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruista, sen que supoña para éstas a adquisición de compromisos alleos ós derivados dos contemplados neste regulamento.

Artigo 17.-

Os acordos, tanto no pleno como na comisión intersectorial de traballo, adoptaranse por maioría dos asistentes os que, polo seu propio carácter consultivo, poderán aportar votos particulares.

Artigo 18.-

A secretaría do consello levantará acta de cada sesión na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión.

As actas será asinadas polo secretario co visto e prace da presidencia e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

Artigo 19.-

Será función da presidencia velar pola ordenación dos debates, propoñe-las solucións e someter a votación os acordos que o Consello municipal tivese que adoptar.

Artigo 20.-

Será funcións dos/as vocais asistir as reunións e colaborar cos obxectivos do consello tanto no pleno como na comisión intersectorial de traballo.

Artigo 21.-

O nomeamento de calquera integrante do Consello poderá extinguirse por:

-
Revogación por parte da entidade á que se representa.

-
Por falecemento ou renuncia expresa do/a interesado/a.

-
Pola non asistencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas no prazo dun ano.

-
Por cada membro/a ou vocal poderase designar un/unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas do/a titular por ausencia xustificada deste/a.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Consello Municipal de servicios sociais aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal. Asemade aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o no previsto por este regulamento corresponde a Presidencia do Consello adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras deste, así como as normas Reguladoras da participación cidadá, informando ó pleno na sesión seguinte para a súa ratificación e propoñendo, se procede, a correspondente modificación da normativa.